



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 11/09/2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto de 2026 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 20/11/2026. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 11 de setembro de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2496

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 11/09/2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Xullo de 2026 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 20/11/2026. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 11 de setembro de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2497

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 11/09/2026, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 2º Trimestre 2026 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 21/09/2026 ata o 20/11/2026. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 11 de setembro de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2498

CASTRO DE REI*Anuncio*

O Concello en Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 17/07/2026, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº. 2 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos (expediente núm. 670/2026).

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do día 28/07/2026, publicouse anuncio de exposición ao público do citado acordo. Transcorrido o prazo de alegacións de 30 días (17.1 RD Leg. 2/2004, TR Lei de Facendas Locais, LHL) sen que se presentara ningunha, o acordo provisional elévase a definitivo e realízase esta publicación para a súa entrada en vigor segundo o disposto no mesmo (17.4 LHL).

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao desta publicación (arts. 10.1.b e 46.1 Lei 29/1998, da Xurisdición Contencioso administrativa).

En aplicación do art. 17.4 LHL, faise público o texto íntegro modificado:

“Modificación da Ordenanza fiscal núm. 2 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

Artigo 7º. Tarifa

Suprímese o Epígrafe segundo: Censos de poboación de habitantes, quedando redactado dito artigo do xeito seguinte:

“La Tarifa a que se refiere el artículo anterior se estructura en los siguientes epígrafes:

Epígrafe primero: Personal al servicio del Ayuntamiento.

CONCEPTOS	PESETAS
1. Títulos, nombramientos y credenciales	100
2. Licencias	200

3. Permutas de funcionarios	1.000
4. Reconocimiento de derechos pasivos en favor de funcionarios o de sus causahabientes	100

Epígrafe tercero: Certificaciones y compulsas.

1. Certificación de documentos o Acuerdos municipales	300
2. Certificación de nomenclatura y numeración de precios urbanos enclavados en el término municipal	--
3. Certificaciones relacionadas con el Servicio de Reclutamiento	--
4. Certificaciones sobre señales o situaciones de tráfico: a) Señalizaciones horizontal y vertical o señalización semafórica (con plano)	--
b) Situaciones y características automáticas del cruce, con distancia o direcciones y giros de circulación (con plano)	--
c) Paradas de bus, taxis y estacionamientos de vehículos en general o itinerarios y recorridos (con plano)	--
d) Otros informes (sin plano)	--
e) Otros informes (con plano)	--
5. Certificación facultativa que libre un médico del Cuerpo de la Beneficencia Municipal	--
6. Las demás certificaciones	200
7. La diligencia de cotejo de documentos	200
8. Por el bastanteo de poderes que hayan de surgir efectos en las Oficinas Municipales	800

Epígrafe cuarto: Documentos expedidos o extendidos por las Oficinas Municipales.

1. Informaciones testificales	300
2. Declaraciones de herederos para percibo de haberes	100
3. Por expedición de certificaciones e informes en expedientes de traspaso, de apertura o similares de locales, por cada uno	300
4. Por el acta consignando la autorización paterna otorgada a un hijo menor de edad, para conducir automóviles de uso o propiedad particular	300
5. Por cada comparecencia ante la Alcaldía para cualquier finalidad con constancia por escrito solicitada por el interesado	300
6. Por el visado de documentos en general, no expresamente tarifados, por cada uno	200
7. Por cada documento que se expida en fotocopia, por folio	10
8. Por cada documento por xerocopia autorizado por certificación	200
9. Por cada contrato administrativo, que se suscriba de obra, bienes o servicios	300

Epígrafe quinto: Documentos relativos a servicios de urbanismo.

1. Por cada expediente de declaración de ruina de edificios	3.000
2. Por cada certificación que se expida de servicios urbanísticos solicitada a instancia de parte	1.000
3. Por cada informe que se expida sobre características del terreno, o consulta a efecto de edificación a instancia de parte	1.500
4. Por cada expediente de concesión de instalación de rótulos y muestras	500
5. Por cada plano que presente un particular, trátase de original o de copia y en cada memoria de obras, suscrita por un Técnico	--
6. Por cada copia de plano de alineación de calles, ensanches, etc., por cada m ² o fracción de plano	--

7. Por expedición de copias de planos obrantes en expedientes de concesión de licencias de obra, por cada m ² o fracción de plano	--
8. Por cada certificación del Arquitecto o Ingeniero Municipal en valoración de daños por incendios y otras peritaciones sobre edificios: Hasta ptas. de daños o valor De ptas. a ptas. De ptas. en adelante	-- -- --
9. Consulta sobre Ordenanzas de edificación	--
10. Obtención de cédula urbanística	1.500

Epígrafe sexto: Documentos de sanidad y consumo.

1. Por cada informe de la Alcaldía, en expediente de demencia	--
2. Por cada certificación o informe de orden sanitario que expida la Alcaldía, para que surta efectos fuera de la ciudad	--
3. Por cada papeleta que libren los Inspectores Municipales Veterinarios, sobre reconocimiento sanitario de aves muertas, piezas de caza, etc.	--
4. Por cada guía de sanidad y contratos de compraventa de ganado en ferias o mercados	--
5. Por cada certificación de origen de mercancías que vise la Alcaldía	--
6. Por cada guía para la circulación o facturación de sustancias alimenticias de primera necesidad, que se presenten al visado de la Alcaldía	--

Epígrafe séptimo: Contratación obras y servicios.

1. Constitución, sustitución y devolución de fianzas para licitaciones y obras municipales, por cada acto	--
2. Certificaciones de obra, cada una	--
3. Actas de recepción de obras, cada una	--

Epígrafe octavo: Otros expedientes o documentos.

Altas, bajas y alteraciones en la Contribución T. Rústica	50
Por cualquier otro expediente o documento no expresamente tarifado	100"

Castro de Rei, 16 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2499

FOZ**Anuncio**

A Corporación Municipal en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2026 acordou aprobar a modificación do punto 5 do artigo 18 da Ordenanza Reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias (PPCPNT) polos servizos públicos municipais correspondentes ao ciclo integral da auga, quedando redactado da forma que segue: “As altas e baixas que se produzan no servizo de abastecemento de auga potable non causarán efecto con carácter automático no da rede de saneamento, así como na depuración”;

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan presentarse as reclamacións, suxerencias ou alegacións que se estimen oportunas.

No suposto de que non se presentaran reclamacións nin suxerencias durante o devandito período de exposición pública, o acordo considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo plenario, procedéndose á publicación íntegra do texto modificado neste mesmo Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

Foz, 16 de setembro de 2026.- O alcalde en funcións, Ángel Fernández Neira.

R. 2500

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 8/2026, (terceiro de competencia do Pleno), para suplemento de crédito, financiado por transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día trece de agosto de dous mil vinte e seis, por un importe total de TRINTA E UN MIL SEISCENTOS SESENTA E SEIS EUROS, CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (31.666,87 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.433.469,10.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	3.137.343,89.-
3.- Gastos financeiros.....	14.682,49.-
4.- Transferencias correntes.....	178.245,08.-
6.- Inversións reais.....	1.516.894,07.-
7.- Transferencias de capital.....	66.137,70.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	6.346.772,33.-

Modifícase o anexo de inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2501

LÁNCARA

Anuncio

Decreto.-

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona NCA e don OAE.

O día 14.07.2026 a Encargada da Oficina Xeral do Rexistro civil de Vigo autorizou a delegación para que o alcalde do concello de Láncara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro.- Delegar na concelleira dona Emilia Fernández Seijo a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona NCA e don OAE o día 03.10.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que a concelleira actúa por delegación do alcalde.

Segundo.- Comunicar esta resolución á concelleira delegado e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2502

Anuncio

Decreto.-

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona LBF e don JFA.

O día 21.08.2026 a Encargada da Oficina Xeral do Rexistro civil de A Fonsagrada, actuando por substitución na Oficina Xeral do Rexistro civil de Sarria, autorizou a delegación para que o alcalde do concello de Láncara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro.- Delegar no concelleiro don Miguel Fernández Arrojo a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona LBF e don JFA o día 17.10.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que o concelleiro actúa por delegación do alcalde.

Segundo.- Comunicar esta resolución ao concelleiro delegado e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ó Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2503

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 16 de setembro de 2026, aprobase o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia e de dependencia correspondente ao mes de agosto de 2026.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2504

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2026-1302 DO 15 DE SETEMBRO DE 2026 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO XII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MEDIOAMBIENTAL: «XOVE, A SÚA COSTA E O SEU MAR».

BDNS (Identif.): 929661

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/929661>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

Toda a documentación será presentada nun sobre pechado consignando no seu exterior XII Concurso de fotografía medioambiental “Xove, a súa costa e o seu mar”.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición e declaración de autoría establecidas ao efecto.
- Copia do N.I.F. do concursante.
- CD ou pendrive que conteña as imaxes dixitais.

O sobre deberá presentarse ata o día 30 de outubro de 2026, e poderase presentar tanto no Rexistro de Entrada de Documentos (Casa do Concello, camiño real, S/N; 27870, Xove), coma mediante envío por correo postal ordinario. Neste último caso, deberase facer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación, que será igualmente como máximo, o día 30 de outubro de 2026.

Segundo. Obxecto

Os premios do XII concurso de fotografía medioambiental organizado polo Concello de Xove teñen por obxecto incentivar a participación cidadá na protección do medio ambiente mediante a imaxe e a súa reflexión.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases aprobadas no marco da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove publicadas no B.O.P. núm. 136 de 16 de xuño de 2025 (<https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>)

Cuarto. Contía dos premios

Haberá unha única categoría, cos seguintes premios:

Primeiro premio: 120 euros

Segundo premio: 100 euros

Terceiro premio: 90 euros

Cuarto premio: 75 euros

Quinto premio: 65 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co disposto no artigo 75.3 do RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, non existe obriga de practicar retención por ningún dos anteriores premios, ao ser importes inferiores a 300,00 euros.

A forma de pago realizarase a través de transferencia en conta bancaria.

Quinto. Outra información para os beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Sexta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario/a non supere a contía total de 100,00 euros.

Xove, 16 de setembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2505